Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

I / 2025

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

Aspectos salientables

1. A economía galega e española seguen a caracterizarse polo seu forte dinamismo en comparación coa media europea e a dos países da zona euro, así como das súas principais economías. No conxunto do ano 2024, o PIB medra en Galicia un 2,8%, catro décimas menos que en España, fronte ao 1% da UE ou o 0,9% da zona euro, o que contrasta coa contracción por segundo ano consecutivo en Alemaña (-0,2%). Dos cinco mercados exteriores máis importantes para os produtos galegos, só Polonia presenta un mellor comportamento, cunha medra do 2,9%.

2. Dende o punto de vista da demanda, o crecemento da actividade económica de Galicia caracterízase polo seu equilibrio, con achegas positivas da demanda externa lixeiramente superiores á interna. En concreto, a demanda externa achega de 1,5 puntos ao crecemento agregado do PIB fronte a 1,3 puntos no caso da demanda interna, o que contrasta coa economía española onde a demanda interna contribúe con 2,8 puntos (catro décimas a demanda externa). O cadro macroeconómico galego reflicte que en 2024 o gasto en consumo privado, tras tres trimestres consecutivos de caída interanual, presenta unha contracción do 0,3%, o que contrasta coa medra do 2,9% en España; manténdose o gasto público como a compoñente de maior dinamismo (5,6%) e aumentando ao mesmo tempo o investimento (1,5%).

3. No concernente á demanda externa, as exportacións increméntanse un 3,6% respecto ao ano anterior fronte a tan só un 0,9% estimado para as importacións. Atendendo ás relacións con terceiros países, Galicia concentra xa o 8,1% das exportacións españolas e o 4,9% das importacións. A elevada concentración xeográfica, sectorial e empresarial seguen a caracterizar ás exportacións galegas; a UE recibe máis do 71% das vendas galegas ao exterior; os cinco primeiros países supoñen o 53% do total; e os sectores téxtil-confección e automóbil, un 41%. Asemade, e a pesar do descenso significativo nos últimos catro anos, cómpre salientar que as cinco primeiras empresas exportadoras concentran o 30,4% da exportación galega (38,2% se se consideran as dez primeiras empresas), valores que se sitúan tan só no 9,8% e 14,5% no conxunto do Estado.

4. Dende o punto de vista da oferta, a construción sitúase como o sector de maior crecemento en Galicia, cun 4,1% (1,6% en 2023), presentando a industria manufactureira un acusado dinamismo, cunha medra interanual do 3,8%, tres puntos máis que no ano anterior. O sector servizos presenta tamén unha medra interanual superior á estimada no ano anterior, cun 3,3%, seis décimas superior. Isto contrasta cunha nova contracción do sector primario, cuxo valor engadido descende un 1%, a diferenza do que acontece en España, cun incremento do 8,5%. É importante resaltar que a industria manufactureira presenta no segundo semestre

do ano taxas de crecemento superiores ao 6%, e que no derradeiro trimestre do ano a construción medra un 6% e o sector primario un 1,8%.

5. Unha vez máis cómpre incidir na menor produtividade relativa do tecido produtivo galego en relación á media española, que se sitúa en torno aos catro puntos, tanto se se mide en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo (PTETC) como en relación ao número de horas. O mal comportamento do sector primario nos últimos anos explica en boa medida, o descenso da súa produtividade aparente, que en 2024 se sitúa un 24% por baixo da media estatal atendendo ao cociente entre o PIB e os postos de traballo equivalente a tempo completo e un 27% por baixo en termos de horas. No que á industria manufactureira se refire, as contas económicas indican que o PIB por posto de traballo equivalente en Galicia é o 80,2% da media estatal e do 85% se se mide a produtividade en termos de horas traballadas, porcentaxes sitúanse porén, estas por riba do valor acadado en 2008 e 2019.

6. O maior dinamismo da actividade económica non se traslada na mesma intensidade ao mercado de traballo, quen presenta unha ralentización nos catro indicadores da ocupación considerados (poboación ocupada, afiliacións, postos de traballo equivalente e horas traballadas). Dunha banda, a redución da taxa de desemprego e temporalidade é menos acusada que no ano precedente; doutra, a participación das persoas na ocupación aumenta menos que no ano precedente, sendo esta evolución similar no caso súa participación na actividade. En relación ao resto das CC.AA., Galicia mantense entre as que presentan con menores taxas de actividade e ocupación, ao contrario do que acontece co indicador da taxa de temporalidade, situándose nunha posición intermedia no caso das taxas de paro.

7. Tras o incremento do PIB galego nun 2,8%, as afiliacións á Seguridade Social é o indicador que reflicte un mellor comportamento do mercado laboral, cunha medra do 1,7%, situándose esta porcentaxe no 1,4% no caso da poboación ocupada estimada pola EPA (1,8% e 2,3% no ano anterior). Asemade, as contas económicas reflicten a devandita ralentización no ritmo de crecemento do emprego, máis acusada no caso dos postos de traballo equivalentes a tempo completo, cunha medra un 1,2% fronte o 2% rexistrado no ano anterior; que no caso das horas traballadas (0,7% fronte aos 1,3% de 2023). Esta ralentización no ritmo de crecemento do emprego tamén se produce no conxunto de España, que mantén non obstante un mellor comportamento nos catro indicadores mencionados.

8. Por cuarto ano consecutivo o mercado laboral galego presenta unha medra interanual da poboación activa, que se sitúa no 1%. Este incremento prodúcese tanto entre homes como en maior medida entre as mulleres (1,1% e 0,9%), e con-

céntrase novamente na poboación estranxeira (10,7% fronte 0,3% entre os españois); na poboación de maior idade e entre os máis novos 3,5% e 8,5%, respectivamente); e entre aqueles con estudos superiores (3,3%).

9. Os datos da EPA, amosan unha mellora da calidade do emprego atendendo a que todo o emprego creado é emprego indefinido, a xornada a tempo completo (descende a xornada a tempo parcial), reducíndose a taxa de temporalidade. No que ao perfil do emprego creado se refire, o emprego feminino experimentou un maior dinamismo que entre os homes; ao tempo que medra en maior medida entre a poboación estranxeira, fundamentalmente a procedente da Unión Europea; entre os máis novos e de maior idade; e coa segunda etapa da ESO con orientación profesional e estudos superiores. Asemade, o emprego creado é emprego asalariado no sector privado, reducíndose a ocupación por conta propia. Con todo, o emprego por conta propia aumenta entre as mulleres, en maior medida entre as mulleres empresarias empregadoras. Xunto a isto, mellora a situación dos fogares tendo en conta o descenso do número de fogares onde todas as persoas activas están en paro así como do número de fogares sen preceptores de ingresos. No que ao desemprego se refire, as taxas de paro amosan que o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino, sendo as persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Asemade, cómpre mencionar o significativo descenso das persoas que levan máis dun ano nesa situación (-7,7%).

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso país, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo - Universidade de Vigo
Campus Universitario 32004
Marzo 2025

I- ANÁLISE DE CONTAS

Actividade económica en Galicia en 2024

A economía galega presenta unha aceleración no seu ritmo de crecemento ao igual que a meirande parte das economías do noso entorno. O PIB galego medra no último ano un 2,8%, catro décimas menos que en España, sendo este crecemento non só superior respecto á media europea e a zona euro senón tamén a países como Francia, Italia ou Portugal, o que contrasta coa contracción do 0,2% da principal economía da UE, Alemaña.

En termos intertrimestrais, a economía galega e española rematan o ano cunha medra do 0,8%, catro décimas por riba da media europea (0,2% na zona euro). A economía italiana medra un 0,1% respecto ao trimestre anterior, o que contrasta coa caída intertrimestral no caso de Alemaña (-0,2%) e Francia (-0,1%).

O crecemento agregado do PIB caracterízase polo seu equilibrio, cunha achega positiva da demanda externa lixeiramente superior á interna (1,5 e 1,3 puntos, respectivamente), o que contrasta coa economía española onde a demanda interna explica basicamente o crecemento (2,8 puntos). Entre os distintos compoñentes cómpre mencionar a contracción do consumo privado en Galicia (-0,3%) a diferenza da medra do 2,9% en España; así como o dinamismo do gasto das administracións públicas (5,6%) e do investimento (1,5%). No concernente ao sector exterior, as exportacións medran un 3,6% fronte a tan só un 0,9% das importacións.

Dende o punto de vista sectorial, a construción sitúase como o de maior crecemento, cun 4,1%, presentando a industria manufactureira un acusado dinamismo, cunha medra interanual do 3,8%, tres puntos máis que no ano anterior (máis dun 6% no segundo semestre do ano). Asemade, salienta unha nova contracción do sector primario (-1%) mentres que aumenta un 8,5% no conxunto do Estado. O sector servizos medra un 3,3%, medio punto por baixo do estimado na economía española.

Actividade económica

Ao igual que nas economías do noso entorno, a economía galega presenta unha aceleración no seu ritmo de crecemento do PIB, rematando o ano cunha taxa de variación interanual do 2,9% no terceiro e cuarto trimestre de 2024, tres décimas por riba do estimado no primeiro semestre do ano.

A pesar da contracción económica que está a sufrir a economía alemá, que concentra máis do 20% do PIB da UE-27, o conxunto da Unión Europea presenta unha medra do 1,4% respecto ao cuarto trimestre do ano anterior, situándose esta taxa de variación interanual no 0,6% no caso de Francia e Italia. Asemade, a economía española e a de Portugal presentan novamente un maior dinamismo que a UE-27, cunha taxa de variación interanual do 3,5% e 2,8%, respectivamente. Por contra, a economía alemá contráese por sexto trimestre consecutivo, situándose a caída no 0,2% no derradeiro trimestre do ano.

O PIB medio anual aumentou en Galicia un 2,8% respecto ao ano anterior, catro décimas menos que no conxunto de España (3,2%), manténdose novamente por riba do rexistrado no conxunto da UE (1%) e dos países da zona euro (0,9%). En comparación co acontecido nos cinco principais mercados dos produtos galegos en 2024 (Francia, Portugal, Italia, Alemaña e Polonia), tan só Polonia presenta un mellor comportamento, cunha medra interanual do 2,9%, o que contras-

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2022-2024. Taxas de variación interanual



	2022				2023				2024			
	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV
Zona euro	5,5	4,1	2,9	1,9	1,4	0,6	0,0	0,2	0,5	0,5	1,0	1,2
UE-27	5,6	4,1	2,9	1,7	1,2	0,5	0,1	0,4	0,6	0,8	1,1	1,4
Alemaña	3,4	0,8	1,4	0,2	0,2	0,1	-0,3	-0,2	-0,1	-0,2	-0,3	-0,2
Francia	4,6	3,7	1,4	0,9	1,0	1,3	0,9	1,3	1,4	1,0	1,2	0,6
Portugal	12,2	7,7	5,0	3,6	3,3	3,1	2,0	2,1	1,4	1,5	1,9	2,8
España	6,9	7,3	6,1	4,6	3,9	2,4	2,2	2,3	2,7	3,3	3,5	3,5

Fonte: Eurostat e INE

ta coa contracción por segundo ano consecutivo en Alemaña (-0,2%). En Portugal, o crecemento do PIB situouse no 1,9%, por diante do 1,2% de Francia e o 0,7% de Italia.

En termos intertrimestrais a economía europea mantén un crecemento do 0,4% fronte ao 0,2% do conxunto de países da zona euro. Entre as principais economías da zona euro, España é quen presenta un mellor comportamento, cunha medra do 0,8% respecto ao trimestre anterior, situándose esta porcentaxe no 0,4% en Países Baixos e 0,1% en Italia. Por contra, a economía alemá e francesa rexistran unha caída do 0,2% e 0,1%, respectivamente. Os datos publicados por Eurostat reflicten que dous países da UE, Malta e Austria, están en recesión técnica ao presentar dous e oito trimestres consecutivos con taxas de variación negativas, respectivamente. Xunto a estes datos cómpre resaltar o bo comportamento da actividade económica de Galicia, estimándose unha taxa de crecemento do 0,8% nos dous últimos trimestres do ano.

PIB e principais compoñentes da demanda na UE-27, zona euros e principais economías europeas 2024.

	Unión Europea	Zona Euro	Alemaña	Francia	Italia	España	Países Baixos
PIB	1,0	0,9	-0,2	1,2	0,7	3,2	0,9
Gasto en consumo final	1,7	1,5	1,2	1,3	0,6	3,4	1,8
Gasto final das Administracións Públicas	2,7	2,8	3,5	2,1	1,1	4,9	3,1
Gasto final sector privado	1,3	1,0	0,3	1,0	0,4	2,9	1,1
Investimento (Formación Bruta de capital)	-2,7	-3,1	-2,5	-3,3	-0,2	1,2	-2,8
Investimento (Formación Bruta de capital fixo)	-1,8	-1,9	-2,7	-1,3	0,5	2,3	-0,4
Achega da demanda interna	0,7	0,4	0,3	0,3	0,4	2,8	0,7
Exportacións bens e servizos	1,1	1,0	-1,1	1,3	0,4	2,9	0,4
Importacións bens e servizos	0,4	0,2	0,2	-1,2	-0,7	2,0	0,1
Achega demanda externa	0,4	0,4	-0,6	0,9	0,4	0,4	0,3

Fonte: Eurostat

O cadro macroeconómico publicado por Eurostat amosa que a demanda interna constitúe o principal motor de crecemento da economía europea, cunha achega de sete décimas ao crecemento agregado do PIB fronte ás catro décimas no caso da demanda externa (no caso da zona euro, en ambos os dous casos a súa achega é de catro décimas). Entre os distintos compoñentes da demanda cómpre

salientar a contribución positiva do gasto en consumo final, tanto privado como público, así como das exportacións de bens e servizos, o que contrasta co investimento. A achega positiva da demanda externa explícase por un maior dinamismo das exportacións que das importacións. Como se pode apreciar no cadro macroeconómico das principais economías europeas, a demanda externa detrae seis décimas ao crecemento agregado do PIB en Alemaña, o que contrasta coa economía de Francia, onde o sector exterior presenta unha achega superior á estimada para a demanda interna.

No que á evolución da economía galega se refire, mentres que a crise orixinada pola pandemia tivo unha incidencia negativa menos acusada en Galicia que no conxunto do Estado, coa reactivación económica iniciada no segundo trimestre de 2021 España presenta de xeito continuado taxas de variación interanual máis elevadas

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2024. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

a partir do primeiro trimestre de 2022. Tras o forte dinamismo no segundo semestre do ano, cunha medra do 3,5% nos dous últimos trimestres, a economía galega medra no conxunto do ano 2024 un 2,8%, o que supón catro décimas menos que o rexistrado no conxunto de España.

A pesar de que a orixe da crise económica de 2008 e a de 2019 son distintas, a incidencia inicial da crise orixinada pola pandemia é moito máis acusada que na crise financeira e, ao mesmo tempo, ten un menor impacto en Galicia que na economía española. Asemade, en ambos os dous territorios a reactivación económica tras a crise de 2019 é máis intensa que na crise financeira en ambas as dúas economías. Transcorridos 20 trimestres dende o inicio da crise de 2019, o PIB real galego situábase máis de dez puntos por riba da estimada do estimado no cuarto trimestre de 2019 (7,6 puntos en España) en tanto que transcorridos os mesmos trimestres en relación á crise de 2008, a actividade económica en Galicia estaba 9,6 puntos por baixo e a economía española 8,9 por baixo.

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo antes da crise 2008 e 2019



(1)A recuperación da actividade económica foi máis rápida no Estado, superando o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018 (40 trimestres máis tarde) cando a economía española o superara no cuarto trimestre de 2016 (35 trimestres). O índice máis reducido acadouse en Galicia no derradeiro trimestre de 2012 (19 trimestres transcorridos) fronte ao terceiro trimestre de 2013 no caso de España (23 trimestres)..
Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

Dende o punto de vista da demanda, no conxunto do ano 2024 a economía galega caracterízase por presentar un crecemento equilibrado, con achegas positivas tanto da demanda interna como en maior medida, da demanda externa. En concreto, a demanda interna achega 1,3 puntos ao crecemento agregado do PIB e a demanda externa 1,5 puntos porcentuais. Isto contrasta co estimado para a economía española, onde o crecemento económico ven motivado basicamente pola contribución da demanda interna (2,8 puntos fronte a tan só catro décimas da demanda externa), ou no conxunto da Unión Europea, onde a contribución da demanda interna é superior á da demanda externa (sete e catro décimas, respectivamente). No que á análise dos

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2024



Fonte: IGE e INE

compoñentes da demanda interna se refire, se se considera en primeiro lugar tan só os datos do cuarto trimestre do ano, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte un importante dinamismo do gasto público e o investimento (formación bruta de capital), contraéndose por terceiro trimestre consecutivo o gasto dos fogares. En concreto, o gasto público medra un 6,3% respecto ao ano anterior, e o investimento un 3,8%, as taxas máis elevadas de todo o ano, mentres que o gasto das familias e institucións privadas sen fin de lucro redúcese un 0,4%. Tras esta evolución, unido á ralentización das exportacións, a demanda interna achega 1,7 puntos ao crecemento do PIB, cinco décimas máis que no caso da demanda externa. En España, todo o crecemento estimada explícase pola demanda interna, onde o consumo público medrou un 4,9% respecto ao mesmo período do ano anterior, sendo a taxa de variación interanual do 3,7% no caso do consumo privado e do 2,4% no do investimento.

No concernente aos datos relativos ao conxunto do ano 2024, este presenta unha nova ralentización do gasto en consumo final, cunha medra interanual do 1,3%, case a metade do estimado no ano anterior (2,5%). Esta evolución ven motivada pola contracción do

Cadro macroeconómico de Galicia 2019-2024. Taxas de variación interanual.

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	% 2024/I	2024/II	2024/III	2024/IV
Produto Interior Bruto	1,2	-8,4	8,4	4,5	2,2	2,8	2,6	2,6	2,9	2,9
Demanda										
Gasto en consumo final	-1,4	-7,7	6,1	3,3	2,5	1,3	1,8	0,7	1,2	1,4
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	-2,4	-11,6	7,7	5,0	1,6	-0,3	0,2	-0,8	-0,3	-0,4
AA. Públicas	1,4	3,8	2,2	-1,2	4,9	5,6	6,2	4,7	5,3	6,3
Formación Bruta de Capital	1,0	-8,0	8,9	4,4	0,5	1,5	-0,5	0,7	2,2	3,8
Achega demanda interna ao PIB	-1,1	-7,7	6,6	3,4	2,1	1,3	1,3	0,7	1,3	1,7
Exportacións	2,0	-2,7	3,0	0,8	1,8	3,6	1,0	5,1	4,6	3,7
Importacións	-2,2	-1,5	-0,3	-1,2	1,7	0,9	-1,4	1,6	1,7	1,7
Achega demanda externa ao PIB	2,3	-0,7	1,8	1,1	0,1	1,5	1,3	1,9	1,6	1,2
Oferta										
Sector primario	6,3	-12,5	2,9	-5,0	-1,8	-1,0	-2,6	-1,2	-1,9	1,8
Industria	-6,9	-13,0	16,7	3,5	2,7	2,5	3,7	2,7	3,8	-0,1
Industria manufactureira	-1,2	-13,0	20,0	6,8	0,8	3,8	2,1	0,4	6,5	6,2
Construción	1,8	-11,6	-4,8	6,0	1,6	4,1	1,6	4,2	4,5	6,0
Servizos	3,0	-6,0	8,3	5,9	2,7	3,3	3,2	3,2	3,2	3,7
Comercio, transporte e hostalería	2,3	-18,7	18,3	12,4	5,2	3,6	3,2	2,9	2,7	5,8
Información e comunicacións	3,9	1,0	3,5	9,4	-0,9	8,4	13,2	10,7	7,2	3,0
Actividades financeiras e de seguros	1,5	4,8	2,2	0,9	-0,7	1,2	0,9	3,1	-1,4	2,3
Actividades inmobiliarias	1,5	1,4	1,8	3,0	1,7	3,4	2,8	3,1	3,3	4,3
Actividades profesionais	11,3	-1,5	10,9	7,0	3,1	2,8	3,2	3,5	2,2	2,2
Administración pública, sanidade e educación	2,4	0,9	4,6	-0,2	1,1	3,6	3,2	3,3	5,1	2,7
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	2,0	-12,4	5,9	9,8	4,1	0,3	1,1	0,2	-0,1	0,0

Fonte: IGE

PIB real en Galicia e España 2024. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE, INE e Eurostat

0,3% do gasto dos fogares (medra un 1,6% no ano precedente), o que contrasta co dinamismo do gasto público, cun incremento do 5,6%, sete décimas máis que en 2023. Asemade, o investimento presenta unha medra interanual do 1,5%, un punto por riba do experimentado no ano anterior.

En comparación co acontecido na economía española, o maior dinamismo da economía española explícase polo evolución do consumo privado, que medra en España un 2,9% respecto ao ano anterior fronte á devandita caída do 0,3% en Galicia. Por contra, tanto o gasto público como o investimento presentan taxas de crecemento inferiores ás rexistradas en Galicia, cun incremento do 4,9% e 1,2%, respectivamente. En 2024, o gasto en consumo final medra en España un 3,4% fronte a tan só un 1,3% na economía galega.

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte a importancia da achega da demanda externa ao crecemento da economía galega en 2024. Dunha banda, no conxunto do ano a achega da demanda externa ao crecemento agregado do PIB é lixeiramente superior á estimada para a demanda interna, ao achegar 1,5 puntos fronte aos devanditos 1,3 da demanda interna. En 2024 as exportacións medran en Galicia un 3,6%, sete décimas por riba do experimentado no conxunto do Estado, o que contrasta co incremento do 0,9% no caso das importacións porcentaxe sensiblemente inferior ao estimado para a economía española (2%). Non obstante, como se mencionou anteriormente, no cuarto trimestre do ano a achega da demanda interna é lixeiramente superior á demanda externa (1,7 e 1,2 puntos porcentuais, respectivamente), impulsado polo maior crecemento interanual das exportacións que das importacións (3,7% e 1,7%, respectivamente). No conxunto do Estado, no derradeiro trimestre do ano as exportacións medraron un 3% fronte ao 3,4% das importacións.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor no das exportacións galegas medrou conxunto do ano 2024 un 3,1% respecto ao ano anterior, acadando os 31.019,9 millóns de euros; en tanto que as importacións descenderon a 20.909,8 millóns de euros, un 0,5% menos que no ano anterior. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 8,1%, tres décimas máis que no ano anterior, en tanto que as importacións representan o 4,9%, unha décima inferior ao ano precedente.

A elevada concentración xeográfica, sectorial e empresarial seguen a caracterizar ás exportacións galegas. Dunha banda, a Unión Europea concentra o 71,4% das exportacións galegas (22.138,5 millóns de euros), unha décima menos que no ano anterior. Xunto a este destino, o 7% das vendas a terceiros países diríxense ao continente americano (2.181,3 millóns), un 6,5% a África (2.021,4 millóns) ou un 3,5% a Asia (1.074,2 millóns de euros). Doutra banda, os cinco primeiros destinos das exportacións concentran en 2024 o 53% das exportacións galegas, case medio punto inferior ao rexistrado no ano precedente (53,4%), e os dez primeiros países o 75% das exportacións galegas (73,7% en 2023). Francia segue a ser o principal destino, por diante de Portugal, Italia e Alemaña. Fóra da UE, o Reino Unido mantense como sexto destino das vendas galegas ao exterior, ascendendo Marrocos ao sétimo, e ocupando Turquía o noveno. Cómpre mencionar que os cinco primeiros países concentran o 53% das exportacións (51,7% no ano 2019) e os dez primeiros o 75% (71,6% en 2019).

Dende o puntos de vista sectorial, os

cinco primeiros capítulos exportadores acollen no último ano case o 60% das vendas a terceiros países (59,2%), ascendendo esta porcentaxe ata o 73,7% se se consideran os dez primeiros; niveles moi similares aos rexistrados no ano precedente. Doutra banda, se se ten en conta a desagregación segundo sectores económicos, os cinco primeiros sectores concentran o 63,5% da exportación galega, tres décimas máis que no ano precedente (63,2%).

O téxtil-confección mantense como o sector máis importante en termos de valor por diante do automóbil. Dunha banda, tras un incremento interanual do 4,1% o sector téxtil-confección vendeu ao exterior produtos por valor de 7.231,4 millóns de euros, o que supón o 23,3% das exportacións galegas, dúas décimas superior ao rexistrado no ano anterior. Doutra banda, o importe das vendas do sector económico do automóbil e motos aumenta un 14,7% respecto ao ano precedente, acadando os 5.547,6 millóns de euros, o 17,9% das exportacións, case dous puntos por riba do acadado en 2023 (o 16,1%). En conxunto as dúas ramas de actividade concentran o 41,2% das vendas galegas a terceiros países, dous puntos por riba do rexistrado no ano anterior (39,2%). O peso relativo das exportacións pesqueiras sitúase no 9%, o que supón dúas décimas menos que en 2023.

Por último, cómpre facer referencia á base exportadora regular entendi-

Exportacións galegas no ano 2023-24. Principais países e sectores económicos.



Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2008-2024.



Fonte: ICEX

Fonte: ICEX

da como o número de empresas que exportan de xeito consecutivo nos últimos catro anos. En 2024 exportan regularmente en Galicia un total de 2.802 empresas, un 4,6% máis que no ano anterior (124 empresas máis), o que supón o 44,7% do total de empresas exportadoras, a porcentaxe máis elevada dende o inicio da crise económica de 2008. Estas empresas concentran o 82,4% do valor total das exportacións galegas (97% en 2019) o que supón tres décimas menos que no ano anterior (96% en España).

A devandita concentración xeográfica e sectorial apréciase tamén na base exportadora, se ben se produce unha redución significativa. No último ano as cinco primeiras empresas exportadoras concentran o 30,4% da exportación galega, ascendendo esta porcentaxe ata o 38,2% se se consideran as dez primeiras empresas, valores que se sitúan tan só no 9,8% e 14,5% no conxunto do Estado. A pesar desta elevada concentración, a súa importancia relativa descende de xeito significativo ao longo dos últimos catro anos, presentando en 2024 os segundos valores máis reducidos de toda a serie considerada tan só por diante dos rexistrado no ano anterior. En 2008 as cinco primeiras empresas exportadoras concentraban o 47,9% das exportacións fronte ao 43,5% en 2019, e no caso das dez primeiras empresas, o 53,9% e 52,2%, respectivamente.

Número de empresas exportadoras e exportadoras regulares en Galicia 2008-2024





AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial, o crecemento económico rexistrado no cuarto trimestre de 2024 caracterizouse por un forte dinamismo do sector da construción e da industria manufactureira, con taxas de variación interanual superiores ao 6%, así como o crecemento do veb do sector primario tras catro trimestres consecutivos de contracción da actividade. Dunha banda, a industria manufactureira presenta unha medra interanual do 6,2%, case dous puntos e medio por riba da media española (3,8%) e a construción do 6% (2,3% en España). Doutra banda, tanto o sector primario como o sector servizos presentan unha medra inferior á media española; no primeiro caso medra un 1,8% en Galicia fronte ao 4,4% en España, e no sector servizos as taxas de variación internanual sitúanse no 3,7% e 3,9%, respectivamente. Asemade cómpre resaltar que o conxunto do sector industrial, a pesar do comportamento da actividade manufactureira, se contrae un 0,1%, o que contrasta coa medra do 2,9% no conxunto do Estado. Entre as distintas actividades do sector servizos, tan só o comercio, transporte e hostalaría presenta no derradeiro trimestre do ano un mellor comportamento que no conxunto de España, ao medrar un 5,8% en Galicia, oito décimas por riba do estimado para a economía española, sendo as taxas de crecemento similares no caso das actividades da Administración pública, educación e sanidade (2,7%). Por contra, o veb xerado polas actividades profesionais medra un 2,2%, case un punto menos que en España (3,1%).

Se a análise se realiza para o conxunto do ano 2024, o maior dinamismo da economía española ven explicado polo mellor comportamento do sector servizos, o sector primario e a industria considerada no seu conxunto, presentando a construción taxas de variación interanual significativamente superiores á media estatal. Dunha banda, o sector primario contráese en Galicia un 1% en relación ao ano anterior fronte ao incremento interanual do 8,5% no conxunto do Estado. Doutra banda, o sector servizos medra un 3,3%, medio punto menos que en España (3,8%), impulsado polas actividades de comercio, transporte e hostalería, cun incremento interanual do 3,6% (3,4% en España). Asemade, a taxa de crecemento da industria manufactureira en Galicia sitúase no 3,8%, unha décima por riba do estimado na economía española, en tanto que no sector da construción o valor engadido bruto medrou un 4,1% fronte ao 1,9% en España.

Tras esta evolución, no cuarto trimestre de 2024 tanto o sector servizos

Produto Interior Bruto en Galicia e España 2024: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

como o sector industrial presentan un nivel superior ao rexistrado no mesmo período de 2019; en concreto, un 15,1% e 11,5% superior respectivamente. Isto contrasta co acontecido no caso da construción e o sector primario, que se atopan un 2% e 15,4% por baixo do nivel acadado no derradeiro trimestre de 2019. Ao igual que en Galicia, no conxunto de España o sector servizos e a industria presentan un nivel superior ao estimado no cuarto trimestre de 2019, se ben a recuperación é de menor intensidade (11,6% e 0,7%, respectivamente), situándose por baixo na construción (2,8 puntos) e no sector primario (3,4% inferior). Entre as distintas ramas de actividade cómpre mencionar a do comercio, transporte e hostalería, que se supera nun 20,7% o nivel precrise, e as actividades profesionais, que se atopa 21,2 puntos por riba (6,9% e 19,6% en España, respectivamente); o que contrasta coa evolución das actividades artísticas, recreativas e outros servizos, cuxo veb real é un 4,8% superior (1,3% no conxunto do Estado). Asemade, cómpre mencionar que a actividade manufactureira supera en 18,3 puntos o nivel precrise, cando na economía española a industria manufactureira sitúase un 10,4% por riba do nivel rexistrado no derradeiro trimestre de 2019.

Por último, no que á estrutura produtiva se refire, as contas económicas trimestrais reflicten que o comercio transporte e hostalería concentra no cuarto trimestre do ano o 23,8% do veb xerado en Galicia nese trimestre, case dous puntos máis que no mesmo período de 2019; superando ao subsector da administración pública, sanidade e educación, que acolle o 18,2%, oito décimas menos que en 2019. Asemade, cómpre mencionar o descenso do peso da industria manufactureira, que supón o 12,5% do veb galego fronte ao 12,8% no cuarto trimestre de 2019, así como das actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, que concentran o 6,7% do veb fronte ao 7% en 2019. A construción foi o sector que presentou a caída máis acusada pasando do 7,8% no cuarto trimestre de 2019 ao 6,7% de 2024. O sector primario concentra o 4,1% do valor engadido xerado pola economía galega, cando antes da crise orixinada pola covid representaba o 5,3%.

Se consideramos as medias anuais e ampliamos o horizonte temporal para comparar a situación actual da estrutura produtiva galega coa existente nos anos 2008 e a orixinada pola pandemia do coronavirus, cómpre resaltar en primeiro lugar que o subsector de comercio, transporte e hostalería, tras ser un dos sectores máis afectados polo impacto inicial da crise e das medidas de restrición de mobilidade, concentra en 2024 o 23,5% do veb galego, porcentaxe significativamente superior á rexistrada tanto no ano 2008 como en 2019, que acollían o 21,1% e 21,8%, respectivamente. Do mesmo xeito, tras o forte incremento da importancia re-

Evolución da estrutura produtiva de Galicia en el cuarto trimestre 2019-2024. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

lativa do sector da administración pública, sanidade e educación en 2020, este concentra en 2024 o 18,3%, porcentaxe igualmente superior ao rexistrado en 2008 (16,6%) aínda que seis décimas inferior ao estimado en 2019 (18,9%).

En segundo lugar, o sector da industria manufactureira presentan un importante descenso do seu peso relativo en cada un dos catro anos considerados, presentando a construción o descenso máis acusado. Dunha banda, a industria manufactureira representa o 12,4%, cando no ano 2008 supuña o13,9% e no 2019 o 12,8%.

Doutra banda, o descenso máis acusado rexístrase no sector da construción, que se ben concentraba o 12,3% do veb en 2008, no último ano supuña tan só o 6,7% (6,6% en 2019). Por último, o sector primario concentra en 2024 o 4,2% do veb galego cando en 2008 e 2019 superaba lixeiramente o 5%.

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

No que á industria manufactureira se refire, os datos da contabilidade rexional, serie homoxénea, publicados polo INE permiten facer unha comparativa entres as distintas CC.AA. Neste senso, o peso desta actividade económica sitúase por riba da media española ao longo do período 2000-2023 (último dato dispoñible), aínda que lonxe de CC.AA. como Navarra, País Vasco ou A Rioxa. Neste último ano, o peso da actividade manufactureira representa en Galicia o 15,1% do valor engadido bruto total, case nove puntos e medio por baixo do nivel en Navarra (24,4%), situándose esta porcentaxe no 21,2% no País Vasco e no 19,9% na Rioxa (11,9% en España). No ano 2008, o sector manufactureiro en Galicia supuña o 16,6% fronte ao 13,4% no conxunto do Estado, ascendendo a porcentaxe ata o 26,5% en Navarra e o 23,5% no País Vasco.

Produtividade do factor traballo

Por último, cómpre facer referencia á evolución da produtividade da economía galega, que mide a cantidade producida por unha economía tanto en termos das horas traballadas como dos postos de traballo. Unha aproximación á mesma pode realizarse polo cociente entre o PIB real e o número de horas efectivamente traballadas ou o número de postos de traballo equivalente a tempo completo.

No concernente á produtividade medida en termos de horas efectivamente traballadas, os datos reflectidos nas contas económicas trimestrais para o conxunto do ano 2024 amosan unha medra interanual da produtividade en Galicia do 2,1% resultado dunha medra do PIB real do 2,8% e un incremento do 0,7% das horas traballadas. Tendo en conta que no conxunto do Estado o emprego medra un 1,9% e a actividade económica un 3,2%, a capacidade produtiva da economía española aumenta un 1,3%. Por contra, se o indicador de ocupación que se considera é o do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, Galicia presenta unha medra da produtividade en termos reais, sendo esta do 1,6% fronte ao 0,8% no conxunto do Estado.

Se se considera o PIB en termos monetarios, Galicia presenta unha produtividade aparente do factor traballo inferior á da economía española en torno aos catro puntos tanto se se mide en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo como en relación ao número de horas. O devandito mal comportamento do sector primario nos últimos anos reflíctese nunha caída da produtividade que en 2024 sitúase no 76% da media estatal se se mide en termos de PTETC ou o 73% no caso das horas traballadas, cando no ano 2019 estas porcentaxes eran do 93,7%

Produtividade aparente do factor traballo 2024. Taxas de variación interanual

HORAS EFECTIVAMENTE TRABALLADAS

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,8%	0,7%	2,1%	3,2%	1,9%	1,3%
Sector primario	-1,0%	-1,8%	0,8%	8,5%	-2,9%	11,4%
Industria	2,5%	0,6%	1,9%	2,9%	1,9%	1,0%
Industria manufactureira	3,8%	0,7%	3,1%	3,7%	1,2%	2,5%
Construción	4,1%	2,0%	2,1%	1,9%	4,5%	-2,6%
Servizos	3,3%	9,0%	-5,7%	3,8%	2,0%	1,8%

POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTE A TEMPO COMPLETO

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,8%	1,2%	1,6%	3,2%	2,4%	0,8%
Sector primario	-1,0%	-0,3%	-0,7%	8,5%	-1,8%	10,3%
Industria	2,5%	0,9%	1,6%	2,9%	2,4%	0,5%
Industria manufactureira	3,8%	1,1%	2,7%	3,7%	1,8%	1,9%
Construción	4,1%	0,5%	3,6%	1,9%	4,5%	-2,6%
Servizos	3,3%	1,5%	1,8%	3,8%	2,4%	1,4%

Fonte: IGE e INE

e 85,9%, respectivamente. Xunto ao problema do sector primario cómpre mencionar o baixo nivel da industria manufactureira en relación á media española; en concreto, as contas económicas trimestrais indican que o PIB por posto de traballo equivalente en Galicia é o 80,2% da media estatal e do 85% se se mide a produtividade en termos de horas traballadas, porcentaxes que se sitúan por riba do valor acadado en 2008 e 2019.

Como se reflicte no último gráfico, o sector da construción presenta unha produtividade superior á media estatal tanto en termos de postos de traballo equivalente como en termos de horas traballadas. En concreto, un 0,5% e 4,2% superior á media española, respectivamente; mentres que nos servizos a produtividade aparente sitúase lixeiramente por baixo da media española tanto en termos de postos de traballo equivalente (0,5%) como se se mide en termos de horas traballadas (1%).

Evolución da produtividade aparente do factor traballo en Galicia. Distribución segundo sectores (España = 100)



Fonte: IGE e INE

O MERCADO DE TRABALLO GALEGO EN 2024. RALENTIZACIÓN A PESAR DO DINAMISMO DA ACTIVIDADE PRODUTIVA

A pesar do dinamismo da economía galega en 2024, a evolución positiva dos indicadores básicos do mercado de traballo é menos intensa que no ano anterior. Dunha banda, a redución da taxa de desemprego e temporalidade é menos acusada que no ano precedente; doutra, a participación das persoas na ocupación aumenta menos que no ano precedente, sendo esta evolución similar no caso súa participación na actividade. Asemade, os catro indicadores da ocupación considerados (poboación ocupada, afiliacións, postos de traballo equivalente e horas traballadas) presentan unha ralentización no seu ritmo de crecemento.

Tras unha medra anual do 2,8% do PIB, seis décimas por riba do estimado no ano anterior, as afiliacións medran un 1,7% e a ocupación ocupada estimada pola EPA un 1,4% (1,8% e 2,3% no ano anterior). Doutra banda, as contas económicas amosan que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo rexistran unha medra interanual do 1,2% (2% en 2023) e as horas traballadas do 0,7% (1,3% no ano precedente). Xunto a estes datos cómpre mencionar o maior dinamismo do mercado de traballo en España nos catro indicadores mencionados, ao tempo que Galicia se mantén entre as CC.AA. con menores taxas de actividade e ocupación.

No que ao perfil do emprego creado reflectido pola EPA se refire, o emprego feminino experimentou un maior dinamismo que entre os homes; ao tempo que medra en maior medida entre a poboación estranxeira, fundamentalmente a procedente da Unión Europea; entre os máis novos e de maior idade, e coa segunda etapa da ESO con orientación profesional e estudos superiores. Asemade, o emprego creado é emprego asalariado no sector privado, reducíndose a ocupación por conta propia. Con todo, o emprego por conta propia aumenta entre as mulleres, en maior medida entre as mulleres empresarias empregadoras. Por último, salienta a mellora da calidade de emprego atendendo a que todo o emprego creado é emprego indefinido, a xornada a tempo completo (descende a xornada a tempo parcial), reducíndose a taxa de temporalidade. No que ao desemprego se refire, as taxas de paro reflicten que este afecta en maior medida ás mulleres, persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios.

A primeira aproximación global á situación do mercado de traballo en Galicia ten de realizarse a partir dos indicadores básicos do mercado laboral e a súa comparación co resto das CC.AA.: taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade. Como primeiro aspecto positivo do comportamento do mercado de traballo en Galicia cómpre mencionar o incremento das taxas de actividade e ocupación, así como o descenso das taxas de desemprego e da taxa de temporalidade.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos aumenta no último ano ata o 53,2%, dúas décimas por riba do estimado no ano anterior. Deste xeito, Galicia mantense como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias (51,4%), reducíndose non obstante o diferencial con respecto ao conxunto do Estado, onde tras un descenso dunha décima se sitúa no 58,8%. A participación da muller na actividade é notablemente inferior á dos homes, con taxas do 49,5% e 57,4%, respectivamente, o que supón un diferencial de 7,9 puntos porcentuais (oito no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial mantense por riba do existente en Galicia, situándose en dez puntos, aumentando a taxa de actividade feminina ata o 53,9% e a masculina ata o 63,9%. Galicia mantense como a segunda C.A. coa taxa máis reducida tras Asturias no caso dos homes, e a terceira entre as mulleres, tras Asturias e Estremadura.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos ascende en Galicia ata o 48,2%, aumentando lixeiramente o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 3,9 puntos fronte aos 3,8 puntos do ano anterior (no conxunto do Estado ascende ata o

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade no 2024

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	53,2%	58,8%	Baleares (64,0%) Madrid (63,2%) Cataluña (61,6%) Murcia (59,7%)	Asturias (51,4%) Galicia (53,2%) Castela e León (54,3%) Estremadura (54,7%)
Taxa de ocupación	48,2%	52,1%	Baleares (58,0%) Madrid (57,5%) Cataluña (56,1%) Navarra (54,7%)	Asturias (46,2%) Estremadura (46,3%) Andalucía (47,5%) Galicia (48,2%)
Taxa de paro	9,4%	11,3%	Navarra (7,6%) Cantabria (7,8%) País Vasco (8,1%) Aragón (8,1%)	Andalucía (16,5%) Estremadura (15,5%) Canarias (13,8%) Castela A Mancha (13,3%)
Taxa de temporalidade	15,9%	15,9%	Baleares (11,7%) Madrid (11,8%) Cataluña (12,2%) A Rioxa (15,6%) Galicia (15,9%)	Estremadura (22,4%) Andalucía (20,4%) País Vasco (20,4%) Murcia (18,6%)

Fonte: INE

52,1%). Esta porcentaxe mantén a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (46,2%), Estremadura (46,3%) e Andalucía (47,5%).

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 52,3% fronte ao 44,5% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 7,8 puntos, fronte aos 10,3 puntos en España (57,4% e 47,1%, respectivamente).

A taxa de paro descende novamente en Galicia para situarse no 9,4%, case dous puntos por baixo da media española (11,3%). Tras esta evolución, Galicia mantense nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA., lonxe de Navarra e Cantabria, cunha taxa por baixo do 8%, ou País Vasco e Cantabria, cun 8,1%. Galicia presenta tanto para homes como para mulleres unha taxa de paro inferior á media española, descendendo ata o 8,8% e 10%, respectivamente (10,2% e 12,7% no conxunto do Estado). Entre os homes, Aragón e Cantabria presentan unha taxa de paro inferior ao 7%, rexistrando o País Vasco a taxa máis reducida entre as mulleres (7,4%).

Principais datos do mercado de traballo 2019-2024

miles de persoas	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2024			
							I	II	III	IV
Poboación maior de 16 anos	2.335,3	2.339,0	2.344,4	2.349,1	2.358,8	2.372,0	2.368,0	2.368,1	2.373,5	2.378,5
Poboación activa	1.241,1	1.220,9	1.228,9	1.240,5	1.250,0	1.262,3	1.259,3	1.255,4	1.271,9	1.262,7
25 - 34 anos	223,3	210,7	207,6	209,0	211,3	212,4	213,3	211,0	211,4	213,9
Poboación ocupada	1.095,2	1.074,2	1.087,1	1.103,5	1.128,5	1.144,0	1.127,7	1.135,6	1.159,4	1.153,3
Conta propia	216,6	205,3	208,9	206,8	210,0	208,8	208,5	212,6	210,6	203,5
Conta allea	878,3	868,6	877,7	896,5	918,5	934,8	919,2	923,0	948,8	948,2
Outra situación	0,3	0,4	0,5	0,3	0,2	0,4	..	..	..	1,6
Poboación parada	145,9	146,7	141,8	136,9	121,4	118,3	131,6	119,8	112,5	109,4
Parado longa duración	57,1	49,9	57,6	51,5	42,8	39,5	43,1	40,4	35,6	38,8
Poboación inactiva	1.094,2	1.118,1	1.115,5	1.108,6	1.108,8	1.109,7	1.108,7	1.112,7	1.101,6	1.115,8
Taxa de actividade	53,1%	52,2%	52,4%	52,8%	53,0%	53,2%	53,2%	53,0%	53,6%	53,1%
Taxa de ocupación	46,9%	45,9%	46,4%	47,0%	47,8%	48,2%	47,6%	48,0%	48,8%	48,5%
Taxa de paro	11,8%	12,0%	11,5%	11,0%	9,7%	9,4%	10,5%	9,5%	8,8%	8,7%
Taxa de temporalidade	26,5%	24,0%	24,5%	19,4%	16,7%	15,9%	15,3%	15,2%	17,3%	15,9%
Afiliacións (media trimestral)	1.015,3	996,0	1.015,5	1.036,9	1.055,1	1.072,9	1.055,0	1075,9	1085,7	1.075,1
Paro rexistrado (media trimestral)	163,2	180,3	163,4	146,2	134,5	123,1	130,2	122,1	119,238	120,9

Fonte: IGE

Poboación activa

Por cuarto ano consecutivo o mercado laboral galego presenta unha medra interanual da poboación activa. No último ano a poboación activa ascende a 1.262.300 persoas, o que supón 12.300 persoas máis que no ano precedente (1%). Atendendo á súa evolución trimestral cómpre resaltar que tan só o crecemento no primeiro trimestre é superior ao estimado no mesmo período do ano anterior, o que contrasta co acontecido no segundo semestre do ano. No cuarto trimestre de 2024 a poboación activa medra un 1%, dúas decimas menos que no ano precedente, o que supón 11.900 persoas máis). Tras este comportamento, o número de persoas activas supera no conxunto do ano 2024 o nivel acadado antes da crise orixinada pola pandemia; en concreto, nun 1,7%, lonxe do 6,1% estimado no conxunto do Estado.

O devandito incremento concéntrase novamente na poboación estranxeira, na poboación de maior idade e, en menor medida, os máis novos; e entre aqueles con estudos superiores. Asemade, a poboación activa medra entre as mulleres e entre os homes. Dunha banda, a poboación activa feminina aumenta un 1,1% (6.700 persoas máis), dúas décimas por riba do estimado en 2023. Entre os homes, o número de activos increméntase un 0,9%, o que significa 5.600 activos máis que no ano precedente (0,6% en 2023). No conxunto do España a poboación activa medra en ambos os dous casos, cunha intensidade similar no caso das mulleres (1,1%), presentando taxas de variación interanual superiores entre os homes (1,4%).

Comparado co estimado en 2019, a poboación activa feminina é superior ao nivel precrise nun 2,6% (15.700 mulleres mais), superándoo no caso dos homes nun 0,9% (5.600 activos máis). En España a poboación activa feminina medra entre os dous anos considerados un 7,1%, case dous puntos por riba do estimado entre os homes (5,2%).

Xunto ao devandito incremento da poboación activa feminina e masculina, a incorporación ao mercado de traballo prodúcese en maior medida nas persoas maiores de 55 anos, con 9.800 persoas máis (3,5%), sendo esta medra de 6.100 persoas entre as que teñen entre 45 e 54 anos (1,6%) e de 5.300 persoas entre os menores de 25 anos (8,6%). Doutra banda, no conxunto do ano 2024 a poboación activa de nacionalidade estranxeira medra un 10,7% respecto ao ano anterior (9.200 persoas máis) fronte ás 3.100 persoas no caso dos españois (0,3%). Atendendo ao seu nivel formativo, o maior incremento prodúcese entre as persoas con estudos superiores, con 18.600 persoas activas máis (3,3%).

Fronte a este incremento, cómpre resaltar un novo descenso da poboación activa entre as persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos, que en 2024 foi do 3,1% respecto ao ano anterior (9.900 persoas menos), nove décimas por baixo do estimado no ano anterior (13.400 persoas menos). Xunto a este comportamento a poboación activa con estudos de ESO, primeira etapa, redúcese un 3,6% (12.500 persoas menos). •

Poboación activa, ocupada e parada 2023-24: distribución segundo sexos













Fonte: IGE.



Fonte: IGE.

. Entradas e saídas da actividade

A Enquisa de fluxos da poboación activa reflicte que o mercado laboral galego presenta un saldo positivo entre as entradas e as saídas da actividade de 3.700 persoas (no ano anterior entraron na actividade 5.100 persoas máis das que saíran). No último ano pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia (media anual) un total de 56.200 persoas, o que supón unha redución de 2.000 persoas respecto ao estimado para o ano anterior. Por contra, o número de persoas que saíron da actividade ascendeu a 52.500 persoas, cando no ano anterior o fixeran 53.100 persoas.

O fluxo total de entrada á ocupación dende a inactividade sitúase de media no ano 2024 en torno ás 25.500 persoas, cifra un 4,8% inferior á do ano anterior (1.300 persoas menos). Así mesmo, o fluxo de saída da ocupación cara á inactividade aumentou de media ata as 28.200 persoas, o que supón en torno a 1.400 persoas máis que no ano anterior. O número de persoas que estaban paradas en 2023 e que saen da actividade ascende a 24.300 persoas, cifra inferior en 2.000 persoas á do ano anterior (-7,5%). Así mesmo, o fluxo de entradas ao paro de persoas que en 2023 eran considerados como inactivos ascende a 30.700 persoas, 700 menos que en 2023 (-2,2%).

No cuarto trimestre do ano, das 52.600 persoas que entran na actividade, 24.400 o fan cara o desemprego e 26.600 comezan a traballar (poboación ocupada). Por contra, 24.500 persoas que no terceiro trimestre estaban parados saen da actividade (1.500 máis que na mesma data do ano anterior) e 38.500 ocupados pasan a formar parte da poboación inactiva (1.900 persoas máis que no cuarto trimestre de 2023).

Fuxo da poboación activa 2024. Evolución trimestral



	2024 (número)	24/23 (número)	24/23 (%)
1 trim.	17.700	- 1.800	-9,2%
2 trim.	23.600	- 2.400	-9,2%
3 trim.	34.100	- 4.000	-10,5%
4 trim.	26.600	3.100	13,2%
	25.500	- 1.275	-4,8%

	2024 (número)	24/23 (número)	24/23 (%)
1 trim.	25.000	600	2,5%
2 trim.	20.300	800	4,1%
3 trim.	29.000	2.400	9,0%
4 trim.	38.500	1.900	5,2%
	28.200	1.425	5,3%

	2024 (número)	24/23 (número)	24/23 (%)
1 trim.	33.600	- 700	-2,0%
2 trim.	31.600	3.300	11,7%
3 trim.	33.200	- 600	-1,8%
4 trim.	24.400	- 4.700	-16,2%
	30.700	- 675	-2,2%

	2024 (número)	24/23 (número)	24/23 (%)
1 trim.	26.100	- 4.800	-15,5%
2 trim.	26.300	- 700	-2,6%
3 trim.	20.400	- 3.900	-16,0%
4 trim.	24.500	1.500	6,5%
	24.325	- 1.975	-7,5%

Ocupación

A pesar do maior dinamismo da economía galega en 2024, que experimenta unha medra interanual do 2,8%, seis décimas máis que no ano precedente, os catro indicadores da ocupación seleccionados presentan unha ralentización no seu ritmo de crecemento. Dunha banda, a taxa de variación interanual das afiliacións sitúase no 1,7%, unha décima menos que no ano anterior, en tanto que a poboación ocupada medra un 1,4%, nove décimas menos que no ano anterior. Doutra banda, as contas económicas trimestrais reflicten que o número de postos de traballo equivalente a tempo completo medran un 1,2%, oito décimas menos que en 2023, en tanto que as horas traballadas o fan un 0,7% (1,3% no ano anterior). O mercado de traballo en España caracterízase tamén por esta desaceleración no ritmo de creación de emprego, e ao igual que no ano anterior, os catro indicadores mencionados presentan en

España un mellor comportamento, aumentando as afiliacións un 2,6%; a poboación ocupada un 2,2%; e os postos de traballo equivalente a tempo completo e as horas traballadas, un 2,4% e 1,9%, respectivamente.

No concernente ao número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social, en Galicia hai un total de 1.072.903 persoas afiliadas en 2024, o que supón 17.819 afiliacións máis que no ano anterior. Atendendo á evolución mensual, a 31 de decembro Galicia conta con 1.070.373 persoas afiliadas en alta laboral, un 1,5% máis que na mesma data do ano anterior, acadando o nivel máximo no mes de agosto, con 1.089.794 afiliacións (2,5% máis que no mesmo mes do ano precedente).

Atendendo á distribución sectorial, a actividade con maior número de afiliados é a de comercio ao retallo, agás vehículos de motor, que concentra o 10% das persoas afiliadas, por diante das actividades de servizos de comidas e bebidas e das actividades sanitarias, que acollen o 6,6% das afiliacións cada unha. Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, as ramas de actividade con maior incremento de afiliacións son a educación (CNAE 85), con 2.784 afiliados máis (4,8%); e a de servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), con 1.869 afiliados máis (2,7%). No extremo oposto, as que presentan os maiores descensos son as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico (CNAE 97), con 1.011 afiliacións menos (-4,2%); e as actividades do sector agrogandeiro (CNAE 01), con 964 afiliacións menos (-2,9%).

No que se refire á análise da poboación ocupada, tras unha medra interanual do 1,4% Galicia conta con 1.144.000 persoas ocupadas, o que supón 15.500 máis que no ano anterior. Tras esta medra, a ocupación supera o nivel precrise nun 4,5% (48.800 persoas máis). Así, a taxa de ocupación (relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos) ascende en Galicia ata o 48,2%, catro décimas máis que no ano anterior, o que mantén a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego (52,1% no conxunto de España).

A devandita creación de emprego beneficiou máis a uns perfís que a outros. Dunha banda, o emprego feminino experimentou novamente un maior dinamismo, ao medrar un 1,7% (9.200 mulleres máis) fronte o 1% no caso dos homes (6.100 persoas). Esta medra segue a ser máis intensa no conxunto do Estado, estimándose un incremento da ocupación do 2,5% no caso das mulleres e do 2% no caso dos homes.

No que á evolución ao longo do ano se refire, este maior dinamismo do emprego feminino ven explicado fundamentalmente pola evolución no segundo semestre do ano, tendo en conta o descenso da ocupación entre as mulleres no segundo trimestre respecto ao ano anterior, e no primeiro a poboación ocu-

Afiliacións á Seguridade Social 2023-2024: distribución segundo principais ramas de actividade

	2024		2023		24/23	
		(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas	106.960	10,0	106.577	10,1	0,4	383
56 Servizos de comidas e bebidas	71.188	6,6	69.319	6,6	2,7	1.869
86 Actividades sanitarias	70.366	6,6	68.650	6,5	2,5	1.716
85 Educación	60.326	5,6	57.542	5,5	4,8	2.784
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	59.651	5,6	58.878	5,6	1,3	773
43 Actividades de construción especializada	51.612	4,8	50.869	4,8	1,5	743
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	49.261	4,6	49.036	4,6	0,5	225
49 Transporte terrestre e por tubaxe	34.571	3,2	33.964	3,2	1,8	607
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	31.758	3,0	32.722	3,1	-2,9	-964
10 Industria da alimentación	31.684	3,0	31.515	3,0	0,5	169
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	29.915	2,8	29.318	2,8	2,0	597
41 Construción de edificios	25.216	2,4	25.287	2,4	-0,3	-71
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	23.149	2,2	24.160	2,3	-4,2	-1.011
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	22.039	2,1	21.716	2,1	1,5	323
96 Outros servizos persoais	20.341	1,9	20.069	1,9	1,4	272
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	688.037	64,1	679.622	64,4	1,2	8.415
Total	1.072.903	100	1.055.084	100	1,7	17.819

Ramas con maior descenso de afiliacións

	2024		2023		24/23	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	23.149	2,2	24.160	2,3	-4,2	-1.011
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	31.758	3,0	32.722	3,1	-2,9	-964
03 Pesca e acuicultura	16.032	1,5	16.926	1,6	-5,3	-894
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	6.616	0,6	6.826	0,6	-3,1	-210
61 Telecomunicacións	3.627	0,3	3.816	0,4	-5,0	-189

Ramas con maior incremento de afiliacións

	2024		2023		24/23	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
85 Educación	60.326	5,6	57.542	5,5	4,8	2.784
56 Servizos de comidas e bebidas	71.188	6,6	69.319	6,6	2,7	1.869
86 Actividades sanitarias	70.366	6,6	68.650	6,5	2,5	1.716
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	16.091	1,5	15.054	1,4	6,9	1.037
87 Asistencia en establecementos residenciais	15.712	1,5	14.846	1,4	5,8	866

(1) ramas CNAE 2009

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

pada entre os homes medra en maior medida que entre as mulleres. No cuarto trimestre do ano, o emprego feminino medra en 10.500 persoas en relación ao

ano precedente, o que supón unha medra do 1,7%, mentres que a ocupación masculina o fai nun 0,2% (1.400 homes ocupadas máis).

Xunto a esta evolución do emprego creado, a ocupación entre as persoas de nacionalidade estranxeira medra un 11,4% (7.700 persoas máis), e entre estas, as procedentes da UE experimentaron unha medra do 33,1% (4.300 persoas). Entre os residentes en España, o incremento foi do 0,7% (7.700 persoas máis). Atendendo á idade das persoas ocupadas, o emprego que máis crece é entre os máis novos e os de maior idade, cunha medra do 6,9% (3.200 persoas) e 3,6% (9.200 persoas), respectivamente. Por contra, no ano 2024

Variación do número de persoas ocupadas 2023-24 segundo sexo, idade, nivel de estudos e nacionalidade



Fonte: IGE

descende a ocupación un 1,9% entre as persoas con idades comprendidas entre 35-44 anos (5.600 persoas ocupadas menos).

No concernente ao nivel de estudos, o emprego medra máis entre as persoas coa segunda etapa de educación secundaria, con orientación profesional, e entre os que posúen estudos superiores. En concreto, a ocupación medra un 8% no primeiro caso (10.500 persoas máis), e un 3,9% entre aqueles con estudos superiores (20.100 persoas ocupadas máis). No extremo oposto, descende a ocupación entre as persoas que posúen a primeira etapa da ESO, cun -4,4%, o

Poboación ocupada en Galicia 2024: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia/España (%)			Galicia 23/24		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.144,0	591,7	552,2	5,3	5,1	5,5	1,4	1,0	1,7
Sectores económicos									
Sector primario	72,7	47,3	25,4	9,7	8,6	12,5	-1,9	-6,5	8,1
Industria	183,3	131,3	52,1	6,3	6,3	6,4	9,0	12,6	1,0
Construción	82,3	75,1	7,3	5,6	5,6	5,6	6,5	5,8	15,9
Servizos	805,7	338,0	467,6	4,9	4,4	5,2	-0,4	-2,7	1,3
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	208,8	122,6	86,2	6,5	5,9	7,6	-0,6	-3,0	3,2
Empregador	63,8	39,2	24,6	6,6	5,9	8,3	-	-4,4	7,9
Empresarios sen asalariados	141,7	81,5	60,2	6,6	6,0	7,5	-0,2	-1,5	1,5
Membros cooperativas	0,8	0,6	0,2	3,2	3,8	2,3	-52,9	-45,5	-66,7
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,5	1,3	1,2	4,0	4,4	3,7	-	-23,5	50,0
Asalariados	934,8	468,9	465,9	5,1	4,9	5,2	1,8	2,1	1,4
Sector público	191,9	75,4	116,5	5,4	5,0	5,7	-2,1	-7,6	1,7
Sector privado	742,9	393,5	349,4	5,0	4,9	5,1	2,9	4,2	1,3
Outra situación	0,4	0,2	0,2	5,3	5,3	5,3			
Grupos de idade									
16-19 anos	5,7	3,8	1,8	2,9	3,2	2,4	14,0	22,6	-5,3
20-24 anos	43,9	25,1	18,8	3,9	4,1	3,7	6,6	10,6	1,6
25-34 anos	185,3	94,0	91,3	4,5	4,3	4,7	-0,1	-2,0	2,0
35-44 anos	287,3	148,0	139,3	5,4	5,2	5,6	-1,9	-2,4	-1,3
45-54 anos	357,0	184,9	172,1	5,7	5,5	5,8	2,4	2,4	2,4
55 e máis anos	264,7	135,8	128,9	5,8	5,5	6,2	3,6	3,2	4,0
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos e Estudos primarios incompletos	2,1	1,0	1,1	1,0	0,7	1,6	-8,7	-28,6	22,2
Educación primaria	28,1	18,5	9,7	3,8	3,9	3,7	3,7	10,8	-6,7
Educación secundaria. Primeira etapa	299,1	180,9	118,2	5,5	5,4	5,7	-4,4	-3,8	-5,3
ESO. Segunda etapa. Orientación xeral	134,8	71,1	63,7	4,6	4,6	4,7	-1,7	-7,5	5,8
ESO. Segunda etapa. Orientación profesional	141,0	80,8	60,2	6,2	6,4	5,9	8,0	13,8	1,3
Educación superior	538,9	239,4	299,4	5,3	5,0	5,7	3,9	3,4	4,2

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado

Fonte: INE, EPA

que supón 13.700 persoas menos.

Atendendo á situación profesional das persoas ocupadas, o incremento do emprego explícase tan só pola evolución positiva das persoas asalariadas, e máis concretamente no sector privado. Dunha banda, o emprego por conta allea medra en 16.300 persoas en relación ao ano precedente (1,8%), por mor do incremento en 20.600 persoas no ámbito privado (2,9% máis que en 2023), o que contrasta co descenso do 2,1%

do emprego público (-4.200 persoas). Doutra banda, o traballo por conta propia descende en 1.200 persoas, o que supón unha caída interanual do 0,6%, descenso que se explica fundamentalmente pola evolución dos membros de cooperativas (900 persoas menos), reducíndose o número de empresarios sen asalariados en 300 persoas (0,2%).

No que ao emprego asalariado se refire, o incremento rexistrase con maior intensidade entre os homes, cunha medra de 9.800 persoas (2,1% respecto ao ano precedente), todas elas no sector privado, que entre as mulleres, con 6.600 mulleres ocupadas máis (1,4%). Atendendo á desagregación entre sector público e privado cómpre resaltar en primeiro lugar que o emprego público medra tan só entre as mulleres (2.000 persoas; 1,7%), reducíndose de xeito importante entre os homes (-6.200 persoas; -7,6%). En segundo lugar, a creación de emprego asalariado no sector privado prodúcese na súa meirande parte entre os homes, con 16.000 persoas ocupadas máis (4,2%), fronte a 4.600 mulleres ocupadas máis (1,3%). No concernente á ocupación por conta propia, esta aumenta tan só entre as mulleres, con 2.700 persoas ocupadas máis (3,2%) o que contrasta cunha redución de 3.800 homes (-3% respecto ao ano anterior). Este incremento do

Poboación ocupada en Galicia 2024: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	2024 (en miles de persoas)			24/23 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.144,0	591,7	552,2	1,4%	1,0%	1,7%
Sector Primario	72,6	47,3	25,3	-2,0%	-6,3%	7,7%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	53,8	32,4	21,4	-1,5%	-8,0%	10,3%
Pesca e acuicltura	18,8	14,9	3,9	-3,6%	-2,6%	-4,9%
Industria	183,3	131,3	52,1	9,0%	12,6%	1,0%
Industrias extractivas	4,2	3,8	0,4	10,5%	26,7%	-50,0%
Industria manufactureira	167,6	118,9	48,7	6,2%	9,5%	-1,0%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	11,5	8,6	3,0	74,2%	72,0%	87,5%
Construción	82,3	75,1	7,3	6,5%	5,8%	15,9%
Servizos	805,6	338,1	467,8	-0,4%	-2,7%	1,4%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	171,5	82,8	88,8	0,2%	4,3%	-3,3%
Transporte e almacenamento	56,3	41,3	15,1	-3,4%	-7,2%	9,4%
Hostalaria	76,1	28,1	48,0	-3,1%	-13,5%	4,3%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	168,5	83,0	85,6	2,4%	0,4%	4,5%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	64,5	36,1	28,4	-2,6%	-6,0%	2,2%
Educación	80,2	24,2	56,0	-0,9%	-4,7%	1,1%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	111,1	21,2	89,9	5,3%	6,0%	5,1%
Resto de servizos	77,4	21,4	56,0	-7,6%	-12,7%	-5,6%

Fonte: IGE

número de mulleres traballadoras por conta propia prodúcese de xeito máis acusado entre as mulleres empregadoras, con 1.800 ocupadas máis (1,5%), que entre as empresarias sen persoas asalariadas (900; 7,9% menos). Por contra, entre os homes, o descenso estímase en ambos os dous casos, con 1.800 e 1.200 ocupados menos, respectivamente.

No que atinxe á distribución sectorial, o bo comportamento da construción e a industria manufactureira trasládase ao mercado de traballo, quen presen-

Estrutura da ocupación en Galicia 2019 e 2024. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



tan unha medra da ocupación do 6,5% (5.000 persoas) e 6,2% (9.800 persoas), respectivamente. Por contra, a contracción do sector primario reflíctese tamén nunha caída da ocupación, descenso que se produce tanto no sector agrogandeiro como no pesqueiro (700; -3,6%). O conxunto do sector servizos presenta unha redución da poboación ocupada de 3.300 persoas (0,4%) a pesar da medra experimentada nas actividades sanitarias e de servizos sociais (5.600 persoas respecto ao ano anterior; 5,3%)

Tras esta evolución o sector servizos concentra o 70,4% da poboación ocupada en Galicia, o que supón un total de 805.600 persoas, representando o conxunto das ramas manufactureiras o 14,7% (167.600 persoas ocupadas). O sector da construción concentran o 7,2% da poboación ocupada total en Galicia (82.300 persoas) e as actividades do sector primario o 6,4% (72.700 persoas). No ámbito do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados é a de comercio, cun 15% da poboación ocupada, por diante das actividades sanitarias e de servizos sociais, cun 9,7%.

Calidade do emprego

A creación do emprego estimada pola EPA en Galicia caracterízase por ser emprego a tempo completo, reducíndose, a diferenza do que acontece en España, no caso da ocupación da xornada a tempo parcial. Asemade, todo o emprego por conta allea creado é emprego indefinido, que medra un 2,7% respecto ao ano anterior (20.600 persoas ocupadas máis).

Dunha banda, a poboación ocupada a xornada completa medra un 2,1%, dúas décimas por riba do estimado no conxunto de España, sendo esta incremento máis intenso entre as mulleres (2,5%; 10.500 persoas) que entre os homes (1,8%; 9.700 persoas). Por contra, o emprego a xornada parcial redúcese no último ano un 3% (4.800 persoas), sendo esta redución do 8,2% entre os homes (3.500 persoas) e do 1% entre as mulleres (1.200 persoas). No conxunto do Estado o emprego a tempo parcial presenta unha medra interanual do 4,1% (oscila entre o 4,5% no caso do homes e o 4% no das mulleres).

Se se consideran os asalariados con contrato indefinido, os datos da EPA reflicten o maior dinamismo do emprego a tempo completo, que medra un 2,9% respecto ao ano anterior (19.600 persoas) fronte ao 0,9% no caso do emprego asalariado a tempo parcial (900 persoas asalariadas máis). Tras esta evolución, o 87,5% dos contratos indefinidos son contratos a tempo completo, o que supón dúas décimas máis que no ano anterior.

A análise da desagregación segundo o sexo reflicte a desigualdade entre homes e mulleres xa que o 79,7% das persoas asalariadas con contrato indefinido a tempo parcial en Galicia no último ano son mulleres, en tanto que no caso do emprego a tempo completo o

seu peso relativo ascende ata o 43,3% (79,3% e 43,7% no ano anterior, respectivamente). Asemade, o 20,8% das mulleres asalariadas con contrato indefinido teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 4,9% estimado entre os homes (20,9% e 5,1% no ano anterior, respectivamente).

Doutra banda, o número de persoas asalariadas con contrato temporal redúcese no último ano un 2,7% (4.200 persoas menos), sendo este descenso, ao igual que no ano pasado, máis acusado no conxunto do Estado (-5,4%). O devandito descenso do emprego temporal en Galicia prodúcese tanto en homes como en mulleres, se ben é máis intenso entre os homes, onde o emprego temporal redúcese un 5,7%, que entre as mulleres, cunha redución do 0,7% (3.600 e 600 persoas menos, respectivamente). Ao igual que o acontecido no ano anterior, esta caída é máis intensa no conxunto de España que en Galicia, situándose estas porcentaxes no 8% entre os homes e no 3,2% no caso das mulleres.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 15,9%, nivel similar á do conxunto do Estado, porcentaxe que a sitúa como a quinta Comunidade autónoma coa taxa máis reducida. No ano anterior, a taxa de temporalidade en Galicia ascendía ata o 16,7%, medio punto por baixo do estimado para España. Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa no 19,3% fronte ao 12,6% no caso dos homes, estimándose un descenso máis acusado entre homes (1,1 puntos menos fronte ás catro décimas entre as mulleres). Asemade, cómpre resaltar que en comparación co estimado no ano 2019, a taxa da temporalidade redúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo máis acusada no caso dos homes (12,5 puntos porcentuais no caso dos homes e 8,5 no das mulleres). No conxunto de España a temporalidade oscila entre o 18,4% no caso das mulleres e o 13,6% no dos homes, o que supón un descenso respecto ao ano 2019 de 11,8 puntos entre os homes e de 8,8 puntos entre as mulleres.

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación temporal prodúcese case na súa totalidade no ámbito público, cunha caída interanual do 6,4% (4.100 persoas menos), fronte a tan só un 0,1% estimado no sector privado (100 persoas menos). No conxunto do Estado os asalariados temporais descenden tanto no sector público como no privado, cunha caída interanual do 4,9% e 5,7%, respectivamente. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público aumenta en Galicia ata o 31%, dezanove puntos por riba do estimado para o sector privado (12%), situándose no conxunto do Estado no 28,8% e 12,8%, respectivamente.

Desemprego

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten que no último ano continúa coa tendencia descendente iniciada en 2014, tan só rota no ano 2020, o ano con maior impacto da pandemia. En 2024, a poboación parada descende en Galicia ata as 118.300 persoas, 3.100 persoas menos que no ano anterior, das que 61.500 son mulleres (51,9%) e 56.900 son homes (48,1%). En termos relativos, o desemprego descende un 2,6% respecto ao ano precedente, porcentaxe este ano significativamente inferior ao experimentada no conxunto do Estado, cunha redución do 5,7%. Tras esta evolución

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2024.

Trimestre	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2024 I	2024 II	2024 III	2024 IV
	(en miles de persoas)									
Poboación parada	145,9	146,7	141,8	136,9	121,4	118,3	131,6	119,8	112,5	109,4
Homes	69,1	69,5	67,2	64,4	57,4	56,9	64,8	58,0	55,9	48,7
Mulleres	76,8	77,2	74,6	72,5	64,0	61,5	66,8	61,8	56,6	60,7
Paro de longa duración	57,1	49,9	57,6	51,5	42,8	39,5	43,1	40,4	35,6	38,8
	(Taxa de variación interanual; %)									
Poboación parada	-12,1	0,5	-3,3	-3,5	-11,3	-2,6	-2,5	2,2	-5,2	-4,8
Homes	-13,1	0,6	-3,3	-4,2	-10,9	-0,9	1,1	3,2	0,5	-9,5
Mulleres	-11,1	0,5	-3,4	-2,8	-11,7	-3,9	-5,8	1,3	-10,3	-0,7
Paro de longa duración	-21,8	-12,6	15,4	-10,6	-16,9	-7,7	-9,1	-1,5	-13,0	-7,6
	(porcentraxe de poboación activa; %)									
Taxa de paro										
Total	11,8	12,0	11,5	11,0	9,7	9,4	10,5	9,5	8,8	8,7
Homes	10,7	10,9	10,5	10,1	8,9	8,8	10,0	8,9	8,6	7,6
Mulleres	12,8	13,2	12,7	12,1	10,5	10,0	10,9	10,2	9,2	9,8
Segundo nivel de estudios										
Estudios primarios	28,1	24,2	22,4	23,6	21,8	20,9	22,5	23,8	16,2	21,6
ESO. 1ª etapa	14,5	13,9	13,4	13,1	10,9	11,6	12,4	11,1	11,3	11,7
ESO. 2ª etapa	13,0	13,1	12,9	12,7	11,3	10,3	11,9	10,3	9,2	9,8
Educación superior	7,7	9,4	9,0	8,3	7,2	6,7	7,6	7,1	6,7	5,6
Segundo grupos de idade										
Menores de 25 anos	27,8	33,1	32,2	32,7	24,6	25,7	28,1	27,2	23,7	24,0
De 25 a 54 anos	11,3	11,7	10,9	10,2	9,2	8,6	9,7	8,9	7,8	7,9
Maiores de 55 anos	9,9	8,9	9,7	9,2	8,3	8,1	9,0	7,5	8,5	7,6
Segundo nacionalidade										
Española	11,1	11,3	10,7	10,4	8,9	8,4	9,4	8,7	7,8	7,9
Estranxeira	23,9	24,6	27,2	21,6	21,4	20,9	23,5	20,4	22,0	17,9

Fonte: IGE

a taxa de paro en Galicia redúcese ata o 9,4%, aumentando o diferencial respecto da media española, que se sitúa no 11,3% (en 2023 as taxas de paro ascendía a 9,7% e 12,2%, respectivamente).

Os datos do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego en Galicia reflicten tamén ese descenso do desemprego, producíndose este ano con menor intensidade que o reflectido pola EPA. En 2024, o número de persoas paradas rexistradas redúcese un 8,5% respecto ao ano anterior para situarse en torno a 123.100 persoas. Este descenso relativo é tres puntos e medio superior ao rexistrado no conxunto do Estado, onde o paro redúcese un 5% respecto ao ano anterior.

Centrándose na análise da poboación parada (EPA), as taxas de paro reflicten que o desemprego afecta en maior medida ao desemprego feminino. Dunha banda, a taxa de paro entre as mulleres descende ata o 10% fronte ao 8,8% entre os homes. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o diferencial entre homes e mulleres é máis acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o 12,7%, 2,5 puntos máis elevada que o desemprego entre os homes (1,2 puntos en Galicia).

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos ascende ata o 25,7%, máis dun punto superior á estimada no ano anterior, porcentaxe que se sitúa non obstante por baixo do nivel previo á crise orixinada pola pandemia (27,8% en 2019). Entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro redúcese ata o 8,6% (11,3% en 2019) e entre os maiores de 55 anos ata o 8,1% (9,9% no ano 2019). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro descende ata o 20,9% no caso das persoas con estudos primarios, 7,2 puntos inferior á de 2019 (28,1%), situándose no 6,7% entre aquelas con educación superior (7,7%). Por último, a taxa de paro entre as persoas con nacionalidade española descende ata o 8,4% fronte ao 20,9% entre os estranxeiros, tres puntos menos que ao inicio da crise.

Por último, cómpre facer referencia á positiva evolución do desemprego de longa duración. No conxunto do ano 2024 o número de persoas que levaban doce ou máis meses en situación de desemprego situábase en 39.500 persoas, 3.300 menos que no ano precedente. Tendo en conta que o número de persoas en situación de desemprego de longa duración redúcese un 7,7% respecto ao ano anterior e o paro total o fai nun 2,6%, o seu peso relativo no paro total galego descende ata o 33,4%, case dous puntos menos que no ano precedente (35,3%), a porcentaxe máis reducida dende o ano 2010 (supera o 50% entre os anos 2013 e 2017).

O devandito descenso do paro de longa duración prodúcese nos diferentes grupos de idade, estimándose a caída

máis acusada entre as persoas de 25-34 anos, cunha caída do 16,9%, o que supón 1.100 persoas paradas menos, sendo esta porcentaxe do 8,8% entre as persoas de 55 ou máis anos (1.200 persoas paradas menos). Atendendo á distribución segundo o nivel de estudos, o descenso prodúcese fundamentalmente entre as persoas con estudos secundarios segunda etapa con 3.900 persoas paradas menos (-30,2%), o que contrasta co incremento rexistrado entre as persoas coa primeira etapa da ESO (1.700 persoas máis; 12,1%).

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2024



Fonte: IGE

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

//ABANCA	Asociación Gallega Empresa Familiar	civisglobal construimos entorno
COREN	CRTVG Corporación Radio e Televisión de Galicia	Cruz Roja
Galuresa Algo más que gasolineras	Hijos de Rivera	Hierros Añón, S.A.
JEALSA	MEGASA	Naturgy
GrupoNogar	Pérez Rumbao	ReVi
reganosa	Rodiñas	Rodman
ZFV Consorcio Zona Franca de Vigo		Universidade Vigo



Foro económico de Galicia

//ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

I / 2025

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es